

Espazo Lectura, recoñecida como mellor iniciativa cultural ou de fomento da lectura na I^a Gala do Libro Galego



Ao longo do serán do sábado 14 de maio celebrouse no Teatro Principal de Santiago de Compostela a primeira Gala do Libro Galego na cal Espazo Lectura foi recoñecida como mellor iniciativa cultural ou de fomento da lectura. Dende Espazo Lectura queremos agradecer a todos os socios e socias, socios protectores e ao voluntariado pola lectura todo o apoio e horas de traballo dedicadas, co único interese de contribuír a crear sociedade lectora e, polo tanto, mellor sociedade.